

Estamos en Vilafrac,
unha localidade xunto ao mar.
Parece un lugar do máis acolledor que
poidas imaxinar...



Porén, está chea de pingüíns maleducados e falcatrueiros!



Son escandalosos!



Cheirosos!



E supergroseiros!

Velaquí temos os **algareiros** pingüíns de coroa branca,
que sempre ás carreiras van...

Empurrando!

Berrando!

Afocñando!

Para sentarse
no **mellor** lugar.



Os saltadores debaten. Interrómpense mutuamente sen rubor.



Os pingüíns de barbicha van por aí a **empurróns**,
de **mal humor**.

Logo están os macaronis. Van en fila para cear.
Pero, en canto **roxen** as tripas...

Non se saben comportar.
Engulipan todo e fan **ruído** ao mastigar.



... axiña empezan a **pelexar**.

Ao final deixan o comedor feito un cortello, coa comida polo **chan**.